



Datos do Expediente:

EXPEDIENTE XENERICO	
Unidade Tramitadora:	
Xestión de Tesourería Pagamentos e Cobros – MRN	
Número expediente:	Documento:
TES/244/2021	TES16I0NU
4J0Q140Y6F1P3G1K039V	

RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA

Logo de ver o informe proposta da Tesourería municipal (TES16I0NT) que transcrito literalmente di:

“INFORME PROPOSTA DA TESOURERÍA

ASUNTO.- MODIFICACIÓN DO CALENDARIO DO CONTRIBUINTE 2022 (2ª MODIFICACIÓN)

Marta Roca Naveira, Tesoureira do Concello de Narón, en relación co asunto mencionado emite o seguinte informe PROPOSTA:

Antecedentes

-Informe da Xefa de Sección de Deportes (DEP16I0CU).

Normativa

-RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

-RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación

-Lei 58/2003, 17 de decembro, Xeral Tributaria.

-Demais normativa concordante.

Informe :

Primeiro.- O calendario fiscal do contribuínte do 2022 foi aprobado por resolución do concelleiro delegado de facenda o 16.12.2021 (TES15I100) sendo obxecto de publicación no BOP do 21.12.2021. Posteriormente, o 22.02.2022 apróbase a primeira modificación do calendario fiscal que foi obxecto de publicación no BOP do 25.02.2022.

Segundo.- Dáse traslado a esta Tesourería do informe do Xefa de sección de Deportes (DEP16I0CU) no que se manifesta a conveniencia de proceder á modificación do calendario fiscal do presente exercizo toda vez que, e segundo o manifestado no dito informe : “(...)Por mor da folga convocada polos traballadores e traballadoras da empresa *SERVIPLUSTOTAL, S,L, adxudicataria actual do servizo denominado “ Servizo de monitoraxe das escolas e actividades deportivas municipais e socorrismo nas piscinas do Complexo Polideportivo Municipal da Gándara” para os días 10, 15, 21 e 27 de xuño, ata despois do último día da convocatoria de folga, non é posible saber con exactitude os importes que deberán ser descontados as persoas usuarias afectadas nas remesas do mes de xuño, como consecuencia dos servizos que non se van a prestar.*

Polo exposto anteriormente, e co fin de non causar prexuízo as persoas usuarias que se vexan afectadas pola convocatoria de folga (...). En definitiva, a modificación que agora se propón ven motivada na convocatoria de folga nos servizos prestados nas instalacións deportivas municipais prevista para varios días de este mes de xuño a cal incidirá na cuantificación do importe da cota do periodo afectado que deben de satisfacer os contribuíntes.

Por todo o exposto, propónse ao concelleiro delegado de Facenda a adopción do seguinte acordo:

1º.- A aprobación da modifica segunda modificación do calendario do contribuínte para o exercizo 2022 conforme se indica de seguido:



CONCELLO DE NARÓN

CONCEPTO	EXERCIZO PERIODO	E	PERIODO VOLUNTARIO INGRESO	DATA CARGO DOMICILIACIÓNS
TAXA ALUGUER INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	XUÑO/2022		20/07/2022 20/09/2022	A 1º DÍA PERIODO IMPOSITIVO
TAXA ACTIVIDADES DEPORTIVAS	XUÑO/2022		20/07/2022 20/09/2022	A 1º DÍA PERIODO IMPOSITIVO

2º.- Publicar a modificación do calendario fiscal do contribuínte no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello para a súa difusión e xeral coñecemento.

3º.- A modificación do calendario do contribuínte para o exercizo 2022 é susceptible de recurso na vía contencioso administrativa por quenes sexan titulares de dereitos e intereses lexítimos, sen que a interposición do recurso interrompa a súa aplicación.”

Esta concellería delegada , en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, resolve:

1º.-Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

***Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)***